

“MATEMÁTICAS NA RAIÁ 2019”

BASES

Matemáticas na Raia é un concurso de resolución de problemas por equipos que se desenvolve en Galicia e no Norte de Portugal organizado conxuntamente pola Asociación Galega do Profesorado de Educación Matemática (AGAPEMA) e a Asociación de Profesores de Matemáticas de Portugal (APM).

Esta actividade ten carácter anual e nela poden participar clases completas de 3º ESO en Galicia e 9º Grao en Portugal.

A proba consiste en resolver, en hora e media, cinco problemas e lévase a cabo o mesmo día, á mesma hora e cos mesmos enunciados en Galicia e Portugal.

As *bases* para participar neste concurso son as seguintes:

1. Salvo causas xustificadas deberá participar na proba, polo menos, o **75 %** do alumnado que compón o grupo-clase (non se permiten seleccións de varias clases ou centros escolares).
2. As **inscricións** poderanse realizar **ata o 12 de marzo** na páxina web da asociación (www.agapema.org)
3. A **Fase Rexional** terá lugar o **martes 26 de marzo de 16:00 a 17:30 horas** e consistirá na resolución de cinco problemas (nun tempo máximo de 90 minutos).
4. Cada clase dará unha única resposta a cada problema, xunto coas explicacións de como chegou a ela. A resposta a cada un dos problemas deberá ir en follas separadas.
5. Para cualificar a proba teranse en conta non soamente as solucións senón tamén os métodos de resolución empregados.
6. O alumnado poderá dispoñer no momento da proba de calquera tipo de material didáctico (libros de texto, calculadoras, material de debuxo, manipulativo...) a excepción de ordenadores, teléfonos ou calquera dispositivo que permita a conexión co exterior.
7. Con cada grupo deberá inscribirse un profesor/a, non necesariamente de matemáticas, que se compromete a supervisar a realización da proba noutro centro próximo ao seu lugar de traballo (que non diste máis de 50 km).
8. Na semana anterior á proba, cada profesor recibirá o nome do centro a onde se ten que desprazar para vixiar.

9. Dous días antes da data de realización da Fase Rexional enviarase un correo electrónico aos centros participantes coas explicacións necesarias e un arquivo cos enunciados dos problemas, que non poderán abrir ata 45 minutos antes da proba, cando reciban a clave de decodificación.
10. O día da proba, na aula correspondente, o profesor vixiante disporá dun listado do grupo no que asinarán os alumnos presentes, que deberán identificarse co seu DNI.
11. Ao rematar a proba, as respostas introducíranse nun sobre, xunto coa acta e o listado coas sinaturas. Este sobre enviarase a nome de AGAPEMA ao Apartado de Correos 1097 de Santiago de Compostela, CP:15706.
12. Calquera grupo que mostre un comportamento non adecuado, poderá ser descalificado polo profesor vixiante.
13. A corrección e cualificación das probas será levada a cabo por membros da AGAPEMA e da APM. As súas resolucións son inapelables, serán publicadas nas páxinas web das asociacións e comunicadas aos equipos gañadores. As probas pasarán a ser propiedade da asociación organizadora
14. O grupo gañador de cada país terá como premio unha estancia de fin de semana (25-26 de Maio) en Tui con tódolos gastos pagados, para eles e os seus profesores, para participar nun “ENCONTRO MATEMÁTICO”. Estas xornadas, dedicarase a actividades lúdico-festivas, onde o alumnado portugués e galego confraternizarán, realizando visitas turísticas e competicións amistosas. O profesorado acompañante de cada un dos grupos, responsabilizarase da vixilancia do seu alumnado durante os tempos de descanso.